



SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS
Avda. Porto da Coruña nº 2
15003 A Coruña

**MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 14 DAS
NORMAS SUBSIDIARIAS DE VALDOVIÑO PARA
DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL**

NORMAS URBANÍSTICAS

15087_MP14NNSPPDNR_202106_AI_NU

Documento: PARA APROBACIÓN INICIAL

Promotor: Deputación da Coruña

Data: xuño de 2021

ÍNDICE:

III	NORMAS URBANÍSTICAS	3
01	ORDENANZAS PROPOSTAS	3
02	ORDENANZA DE SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL (T)	3
03	ORDENANZA DE SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN (C)	13

III NORMAS URBANÍSTICAS

01 ORDENANZAS PROPOSTAS

Propóñense dúas ordenanzas, diferenciadas para os ámbitos tradicionais e comúns do SNR, con diferentes gradacións en función das distintas densidades da edificación e intensidades de uso previstas para cada zona.

O contido destas ordenanzas está axustado nas súas determinacións á regulación da LSG/2016 e RSG/2016, e procurando a coherencia coas ordenanzas reguladoras do solo de núcleo rural do PBA/2018 que son de aplicación complementaria¹ para cubrir as súas indeterminacións, en todo caso.

Considérase tamén, en coherencia co novo marco regulamentario do RSG/2016, que se deben establecer limitacións aos movementos de terra dentro dos ámbitos de SNR, tanto tradicional coma común.

02 ORDENANZA DE SOLO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL (T)

1. Ámbito

Comprende as áreas do solo de núcleo rural sinaladas en planos co identificador T, e nos seus diferentes graos: T1 e T2.

2. Sistema de ordenación

Edificación illada ou acaroadada

3. Tipoloxía edificatoria

¹ Artigo 8.2 do PBA/2018.

Vivenda familiar illada ou acaroadada, esta última só no caso de medianeira existente ou edificación simultánea, recoñecéndose os conxuntos tradicionais de complexo inmobiliario privado cando existan previamente máis dunha vivenda por parcela. A vivenda de nova construción será unifamiliar illada, pareada ou acaroadada, en parcela urbanística individual para cada vivenda. Non se admite edificación en ringleira con máis de 3 acaroadadas sucesivas.

4. Condicións da parcela

A parcela mínima será a existente sempre e cando permita unha edificación axustada ao resto de condicións urbanísticas aplicables.

Admítense configuracións de vivenda illada, pareada ou acaroadada cun máximo de 3 vivendas consecutivas, en parcela urbanística individual para cada vivenda.

5. Condicións da edificación.

Xerais: As novas actuacións edificatoria, que deberán identificarse coas características propias do lugar, estarán encamiñadas a consolidar a trama existente. Darase prioridade á rehabilitación das edificacións tradicionais, evitando a perda destas construcións, de acordo co réxime do art. 40 da LSG/2016. No caso de edificacións tradicionais en ruínas procurarase a recuperación das mesmas mantendo na medida do posible as características esenciais e a súa tipoloxía orixinaria.

Aliñamentos: Os definidos nos planos de ordenación tendo en conta que se manteñen os aliñamentos existentes nos rúes tradicionais. No caso de discordancia entre os planos e a realidade prevalecerá en todo caso a realidade existente conservándose os muros e as construcións tradicionais.

Rasantes: Cando non se sinala en planos adoptarase a rasante actual da rúa medida no centro de cada fachada.


Edificabilidade máxima: límitase a $0,65 \text{ m}^2/\text{m}^2$ da parcela bruta, agás edificio de características tradicionais existente con ampliación de volume que non supere o 50% do volume orixinario de carácter tipolóxico tradicional, que neste caso non se considerará desconforme.

Ocupación máxima: 60% da parcela neta (en coherencia cos art. 66 e 67 das NSV/1994) e coa demais regulación da ocupación do PBA/2018.

Nº máx. de plantas e altura máxima da edificación: B+1+BC e 7,00 m medidos no centro das fachadas, dende a rasante natural do terreo ó arrinque inferior do faldrón da cuberta. Fíxase un desnivel máximo de 1,00 m entre a rasante do terreo e a cara superior do forxado de planta baixa do edificio, obrigándose a escalonar o volume resultante da edificación no resto dos casos.

Pendente máxima de cuberta: 30° , definindo faldróns continuos e sen liñas crebadas nin saíntes ou bufardas por riba da envolvente de cuberta en todo o seu desenvolvemento.

Altura máxima do cumio: 3,50 m. medidos como se define no seguinte gráfico das NSV/1994 para o solo de núcleo rural:





Baixo cuberta: Permítese o aproveitamento baixo cuberta en todas as formas admitidas para este concepto nas ordenanzas xerais, computando edificabilidade en toda a superficie que libre unha altura de teito superior a 1,80 m.

Voos: Autorízanse balcóns e galerías voadas de características similares ás tradicionais, cun saínte máximo de 0,80 m sobre o aliñamento oficial. Dentro do aliñamento non se establecen condicións que limiten os voos e admítense recuados das fachadas.

Composición arquitectónica: As novas edificacións harmonizarán coas tipoloxías tradicionais existentes ou dominantes no asentamento; admitíndose, por tanto, edificacións apoiadas noutras conformadoras do continuo urbano e edificacións illadas.

Os sotos e semisotos estarán prohibidos na ordenanza T1. Serán autorizables na ordenanza T2 cando se vinculen ao uso residencial ou a unha actividade que xustificadamente os precise. Nas condicións do Anexo I do RSG. E coas limitacións de altura sobre o terreo definidas nas NSV/1994 para o solo de núcleo rural, que se resumen no gráfico das NSV/1994 que se xunta:





Considerándose esta solución b xustificada nos terreos con pendente transversal (perpendicular a aliñación) superior ao 20%.

Recuados e condicións de acaroamento:

Recuado mín. á fronte: Edificación a 3,00 m da liña de peche, por tanto cun mínimo 7,00 m a eixo de camiño salvo que exista aliñamento consolidado pola edificación tradicional existente, muro ou sebe tradicionais.

Recuado mín. a estremeiros: Recuado de 3,00 m agás edificación acaroada. Excepcionalmente as edificacións colindantes poderán acaroarse cando se presente en proxecto unitario ou cando exista acordo documental rexistrado entre ambas as dúas propiedades, sendo de obriga nos dous casos a construción simultánea ou

sucesiva dos inmobles; todo o que deberá constar na memoria xustificativa dos proxectos, para ser recollido na concesión da preceptiva licenza.

Producirase a obriga de arrimar sempre que exista edificación estremeira que presente medianeira no linde, estando conforme a aliñación existente. Se esta particularidade ocorrese aos dous lados, a edificación levantarase entre medianeiras en tanto que o permita a edificabilidade. Se isto non fose posible, acaroarase polo menos a un dos estremeiros. Nestes casos, non se pode considerar limitado o conxunto a 3 edificios en continuidade. Quedan exceptuadas desta obriga as paredes de edificacións tradicionais existentes.

Edificacións adxectivas: Admítese coa regulación do PBA/2018

Cando a configuración da parcela e a posición da edificación principal o permitan, as construcións adxectivas recuaranse respecto ao aliñamento exterior máis que as fachadas orientadas cara o viario.

En razón da súa peculiar tipoloxía, os hórreos presentarase sempre exentos, podendo emprazarse incluso por diante da edificación principal e quedando tamén excluídos do parámetro de altura máxima permitida para as edificacións adxectivas.

Dentro destes usos auxiliares admítense:

- Instalacións e pérgolas con cubrición lixeira e desmontable, paneis solares, toldos, rampas, terrazas, pavimentos ou pistas deportivas sen computar ocupación nin gardar recuados, agás a protección do viario público cun mínimo de 4m ao seu eixo. Co límite do mantemento da cuberta vexetal nunha superficie mínima do 20% da parcela neta.
- Invernadoiros de uso agrario facilmente desmontables, sen computar ocupación e gardando só recuados frontais (podendo ocupar a separación a lindeiros laterais ou traseiro).
- Instalacións de piscinas con ou sen cubrición lixeira e desmontable e construcións baixo rasante que non sobresaian do perfil natural do terreo que non computarán ocupación e gardarán os recuados de 3 m a lindeiros e aliñación.
- Edificación auxiliar para usos complementarios ao residencial de almacenaxe, garaxe, instalacións, ferramentas, tendais, adega, actividades artesanais e pequenos obradoiros, computando ocupación e gardando recuados. Co límite específico de 50 m² e o 10% de ocupación da parcela neta. Non se admitirán en ningún caso elementos propios do uso residencial como aseos, porches, cociñas, etc. Porén, terán acabado

similar á edificación principal, prohibíndose expresamente o bloque de cemento ou ladrillo vistos.

6. Usos

Uso característico: Residencial de vivenda familiar para vivendas existentes e unifamiliar con acceso individual para vivendas de nova construción. Consideraranse como usos complementarios aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural.

Usos compatíbeis: terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres e equipamentos e demais usos, agás os sinalados coma incompatíbeis no artigo 26 da LSG/2016.

Os usos compatíbeis poderán ocupar o 100% da edificación cumprindo as súas propias condicións e as condicións de ordenación da presente ordenanza.

Usos prohibidos: os sinalados no artigo 26 da LSG/2016.

7. Aparcamentos

Disporase un mínimo de 1 praza de aparcamento por cada 200 m² ou fracción de edificabilidade residencial e 1 praza por cada 100 m² edificábeis ou fracción en usos non residenciais.

8. Condicións de protección do patrimonio

Estabelécense os seguintes criterios de actuación no solo de núcleo rural tradicional:

a. En xeral, os movementos de terra serán os estritamente precisos para acomodar o edificio e ordenar a parcela. Non se permitirán aqueles que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar ou alteren significativamente a súa topografía (artigo 26.1.d da LSG), coas seguintes condicións:

- Prohíbese a modificación da rasante natural nos primeiros 5 m en todos os extremos da parcela, agás nas fronteiras a viario, as plantas soterradas e os seus accesos.
- Non se poderá alterar o perfil con socalcos nin contencións de terras con altura superior a 1,5 m., e sempre fóra dos primeiros 5 m sinalados no punto anterior
- En ningún caso se poderá escavar en caixa no terreo cunha altura superior a unha planta e a correspondente cimentación.

b. Protexeranse as sebes e muros tradicionais, así coma as especies de arboredo autóctono ou ornamental existentes; que poderán ser obxecto de traslado por motivos xustificadas de seguridade viaria. No caso dos muros, o seu desprazamento á nova posición deberá reproducir as características e técnicas da construción orixinal, reutilizando, na medida do posible, as pezas orixinais.

Os novos peches deberán gardar harmonía cos tradicionais (artigo 26.1.e da LSG), sen elementos prefabricados de cemento visto, e en todo caso, con alturas máximas de 1,50 m para elementos opacos ou de fábrica; 2,00 m para partes de malla ou caínzo; e 2,50 m para os elementos vexetais.

Deberán seguirse os criterios da guía de caracterización e integración paisaxística de valados (Xunta de Galicia, 2017)

c. Respetaranse os aliñamentos e rasantes consolidados polas edificacións e os muros tradicionais. No caso de existir discrepancias entre as aliñacións ou rasantes existentes e as grafadas en planos atenderase á realidade existente (artigo 26.1.e da LSG).

d. Con carácter xeral, non se permitirán ampliacións de camiños que afecten a elementos de interese etnográfico así coma arboredo autóctono, especialmente as ringleiras de árbores que dean a camiños ou que separen fincas (artigo 26.1.e da LSG). Con carácter excepcional, nos casos de interese xeral e de xeito xustificado, especialmente por motivos de seguridade viaria, poderase formular a ampliación ou rectificación de trazado dalgún camiño, propondo a alternativa coa menor afección sobre o patrimonio cultural.

e. A estrutura parcelaria do núcleo rural tradicional está protexida segundo o indicado no artigo 26.2.b da LSG, polo que con carácter xeral no solo de núcleo rural tradicional (T) prohíbese a segregación e agregación de parcelas cando se afecte ou se produzan máis de 2 unidades sen edificación tradicional existente. A forma das parcelas vacantes de edificación tradicional resultado de novas parcelacións deberá cumprir as seguintes condicións, segundo os diferentes graos:

ORDENANZA	T1	T2
Parcela mínima:	500 m ²	900 m ²
Fronte mínima de parcela:	5 m	8 m
Diámetro inscrito:	12 m	15 m

O diámetro inscrito mídese dentro da parcela neta e sen saír dos seus límites, co seu centro non máis afastado dos 20,00 m. respecto ao aliñamento exterior en distancia perpendicular ao mesmo, ademais de que entre o espazo onde poida situarse a devandita circunferencia e a fronte da parcela non exista un estreitamento menor que a fronte mínima.

f. Nos proxectos de urbanización dos espazos públicos, os materiais utilizados harmonizarán co contorno e co ambiente rural. O mobiliario será discreto, mínimo e unicamente o estritamente necesario, procedendo ao soterrado dos tendidos aéreos existentes e procurando o menor impacto das restantes instalacións urbanas (artigo 26.2.b da LSG).

9. Condicións estéticas e de harmonización das novas intervencións.

Cara unha axeitada integración das intervencións arquitectónicas, tanto de obra nova coma rehabilitación de construcións existentes, seguirán os criterios determinados pola Guía de boas prácticas para a intervención en núcleos rurais e a Guía de cor e materiais de Galicia, e nos ámbitos de solo de núcleo rural tradicional e en toda a área dos contornos de protección de elementos recollidos no catálogo de patrimonio cultural establécense as seguintes determinacións:

a. Para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona, agás no caso doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica, sinaladas no artigo 24.7.a) da LSG.

b. En xeral, as canles e baixantes non presentarán molduras nin acanaladuras e serán preferentemente de chapa metálica de cinc, cinc-titanio ou cobre con acabado mate e sección circular.

c. No solo de núcleo rural tradicional non se permitirán cubertas planas en edificación residencial privada. O material de cuberta será de tella. Os paneis ondulados de fibrocemento ficarán sempre ocultos tanto nos faldróns coma nos beirados. Excepcionalmente poderanse utilizar materiais respectuosos e que harmonicen cos tradicionais, lousa de pizarra, cinc ou cobre.

As solucións de cuberta plana en edificios públicos terán de harmonizar co conxunto do núcleo rural.

Os remates de chemineas novos harmonizarán cos tipos tradicionais ou históricos existentes.

Os elementos de escurecemento serán executados preferentemente mediante contras de madeira. Preferentemente non se instalarán persianas exteriores.

d. Os voos e recuamentos de volumes serán autorizábeis cando sexan acordes cos propios das tipoloxías existentes no núcleo (coma son as galerías de madeira, patíns e solainas).

e. Na rehabilitación de edificios tradicionais existentes:

- Os beirados estarán de acordo coas solucións tradicionais existentes no núcleo e serán realizados cunha peza recta de xisto, de granito serrado ou mediante elementos voados de estrutura lixeira.

- En ningún caso poderán exceder do plano de fachada elementos estruturais, cornixas, molduras ou elementos decorativos que non resulten xustificadas.

- As mochetas, linteis e carpinterías dos ocós serán realizados cos materiais, cores e configuracións existentes no contorno.

10. Condicións de intervención nos espazos libres

Para acadar a máxima naturalidade nos espazos libres teranse en conta as seguintes medidas e criterios de deseño:

- a. Sempre que sexa posible procurárase a eliminación de especies exóticas con carácter invasor e conservarase o arboredo de interese histórico e as especies autóctonas.
- b. Buscarase un deseño de calidade que aplique as técnicas máis recentes da arquitectura paisaxística.
- c. Nos novos axardinamentos empregárase preferentemente especies autóctonas ou de grande arraigo na paisaxe, evitando as especies invasoras.
- d. No caso de pavimentación usaranse pavimentos filtrantes que permitan unha axeitada drenaxe do solo.
- e. O mobiliario urbano será acorde coas características da edificación existente procurando a súa integración na paisaxe rural.

03 ORDENANZA DE SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN (C)

1. Ámbito

Comprende as áreas do solo de núcleo rural sinaladas en planos co identificador C, e nos seus diferentes graos: C1 e C2.

2. Sistema de ordenación

Edificación illada, acaroadada ou en ringleira.

3. Tipoloxía edificatoria

Vivenda unifamiliar illada, acaroadada ou en ringleira; en parcela urbanística individual por cada vivenda ou constituíndo complexos inmobiliarios privados, mediante estudo de detalle, en actuacións que non excedan en máis de 4 unidades.

4. Condicións da parcela

Definíronse en función dos diferentes graos:

ORDENANZA	C1	C2
Parcela mínima:	600 m ²	1200 m ²
Fronte mínima de parcela:	12 m	15 m

Exceptúanse de todas ou algunha das condicións de parcela exixíbeis os edificios en parcelas de menor tamaño, naqueles supostos en que se atope a parcela: entre parcelas edificadas, dotacións públicas de viario, espazos libres ou equipamentos, diferentes clasificacións, diferentes cualificacións ou liñas de límite de ordenanza ou diferentes combinacións destas situacións coa imposibilidade física de ampliación de parcela con máis terreos do mesmo réxime urbanístico; sempre que na propia parcela neta sexa posíbel levantar construción apta para algún dos usos permitidos, cumprindo cos parámetros que lle correspondan.

As parcelacións non poderán producir máis de 3 unidades vacantes de edificación, e deberán cumprir, en todo caso, as condicións mínimas de parcela, fronte e forma sinaladas en cada grao. Cando se definan unidades de actuación integral os PE que as desenvolvan poderán rebaixar a superficie de parcela mínima ata 600 m² cumprindo as demais condicións.

A forma das propiedades resultantes de novas parcelacións debe ser tal que sexa posíbel trazar unha circunferencia de diámetro mínimo sinalado na seguinte táboa, dentro da parcela neta e sen saír dos seus límites; co seu centro non máis afastado dos 20 m respecto ao aliñamento exterior en distancia perpendicular ao mesmo:

ORDENANZA	C1	C2
-----------	----	----

Diámetro inscrito:	15 m	20 m
--------------------	------	------

Ademais, entre o espazo onde poida situarse a devandita circunferencia e a fronte da parcela non existirá un estreitamento menor que a fronte mínima de parcela.

5. Condicións da edificación.

Aliñamentos: Os definidos nos planos de ordenación tendo en conta que se manteñen os aliñamentos existentes nos rúes tradicionais. No caso de discordancia entre os planos e a realidade prevalecerá en todo caso a realidade existente conservándose os muros e as construcións tradicionais.

Rasantes: Cando non se sinala en planos adoptarase a rasante actual da rúa medida no centro de cada fachada.


Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m² sobre a parcela bruta

Ocupación máxima: 50%. da parcela neta. Nos supostos da excepción sinalada no punto 4 poderase tamén superar esta porcentaxe coas limitacións volumétricas determinadas polo artigo 214 do PBA/2018.

Nº máx. de plantas e altura máxima da edificación: B+1+BC e 7,00 m medidos no centro das fachadas, dende a rasante natural do terreo ó arrinque inferior da vertente da cuberta. Fíxase un desnivel máximo de 1,00 m cara superior forxado p baixa entre a rasante do terreo e a superficie elevada da planta baixa do edificio, obrigándose a escalonar o volume resultante da edificación no resto dos casos.

Pendente máxima de cuberta: 30º definindo faldrons continuos e sen liñas crebadas nin saíntes ou bufardas por riba da envolvente de cuberta en todo o seu desenvolvemento. Nas cubertas, permítense fachadas verticais con formación de terrazas sempre dentro da envolvente máxima. Así mesmo, permítense cubertas planas.

Altura máxima do cumio: 3,50 m. medidos como se define no seguinte gráfico das NSV/1994 para o solo de núcleo rural:




Baixo cuberta: Permítese o aproveitamento baixo cuberta en todas as formas admitidas para este concepto nas ordenanzas xerais, computando edificabilidade en toda a superficie que libre unha altura de teito superior a 1,80 m.

Voos: Autorízanse balcóns e galerías voadas de características similares ás tradicionais, cun saínte máximo de 0,80 m sobre o aliñamento oficial. Dentro do aliñamento non se establecen condicións que limiten os voos e admítense recuados das fachadas.

Composición arquitectónica: As novas edificacións harmonizarán coas tipoloxías tradicionais existentes ou dominantes no asentamento; admitíndose, por tanto, edificacións apoiadas noutras conformadoras do continuo urbano e edificacións illadas.

Os sotos e semisotos serán autorizables cando se vinculen ao uso residencial ou a unha actividade que xustificadamente os precise. Nas condicións do Anexo I do RSG.

E coas limitacións de altura sobre o terreo definidas nas NSV/1994 para o solo de núcleo rural, que se resumen no gráfico das NSV/1994 que se xunta:



Considerándose esta solución b xustificada nos terreos con pendente transversal (perpendicular a aliñación) superior ao 20%.

Recuados e condicións de acaroamento:

Recuado á fronte: A edificación situarase dentro do aliñamento sinalado en planos, cun recuado mínimo de 5 m, por tanto cun mínimo 9,00 m a eixo de camiño salvo que

exista aliñamento consolidado pola edificación tradicional existente, muro ou sebe tradicionais.

Recuado mín. a estremeiros: Recuado de 3,00 m agás edificación acaroada ou en ringleira. Excepcionalmente as edificacións colindantes poderán acaroarse cando se presente en proxecto unitario ou cando exista acordo documental rexistrado entre ambas as dúas propiedades, sendo de obriga nos dous casos a construción simultánea ou sucesiva dos inmobles; todo o que deberá constar na memoria xustificativa dos proxectos, para ser recollido na concesión da preceptiva licenza.

Producirase a obriga de arrimar sempre que exista edificación estremeira que presente medianeira no linde, estando conforme ao ordenamento. Se esta particularidade ocorrese aos dous lados, a edificación levantarase entre medianeiras en tanto que o permita a edificabilidade. Se isto non fose posible, acaroarase polo menos a un dos colindantes.

En ningún caso se producirán construcións sucesivas entre medianeiras que dean lugar a edificación sen interrupcións en máis de 48,00 m.

Edificacións adxectivas: Admítense coa regulación do PBA/2018

Cando a configuración da parcela e a posición da edificación principal o permitan, as construcións adxectivas recuaranse respecto ao aliñamento exterior máis que as fachadas orientadas cara o viario.

En razón da súa peculiar tipoloxía, os hórreos presentarase sempre exentos, podendo emprazarse incluso por diante da edificación principal e quedando tamén excluídos do parámetro de altura máxima permitida para as edificacións adxectivas.

Dentro destes usos auxiliares admítense:

- Instalacións e pérgolas con cubrición lixeira e desmontable, paneis solares, toldos, rampas, terrazas, pavimentos ou pistas deportivas sen computar ocupación nin gardar recuados, agás a protección do viario público cun mínimo de 4m ao seu eixo. Co límite do mantemento da cuberta vexetal nunha superficie mínima do 20% da parcela neta.
- Invernadoiros de uso agrario facilmente desmontables, sen computar ocupación e gardando só recuados frontais (podendo ocupar a separación a lindeiros laterais ou traseiro).

- Instalacións de piscinas con ou sen cubrición lixeira e desmontable e construcións baixo rasante que non sobresaian do perfil natural do terreo que non computarán ocupación e gardarán os recuados de 3 m a lindeiros e aliñación.

-Edificación auxiliar para usos complementarios ao residencial de almacenaxe, garaxe, instalacións, ferramentas, tendais, adega, actividades artesanais e pequenos obradoiros, computando ocupación e gardando recuados. Co límite específico de 50 m² e o 10% de ocupación da parcela neta. Non se admitirán en ningún caso elementos propios do uso residencial como aseos, porches, cociñas, etc. Porén, terán acabado similar á edificación principal, prohibíndose expresamente o bloque de cemento ou ladrillo vistos.

6. Usos

Uso característico: Residencial de vivenda unifamiliar con acceso individual. Consideraranse como usos complementarios aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural, entre os que se atopan as explotacións agrogandeiras para o autoconsumo ou de tipo artesanal.

Usos compatíbeis: terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres e equipamentos e demais usos, agás os sinalados coma incompatíbeis no artigo 26 da LSG/2016.

Os usos compatíbeis poderán ocupar o 100% da edificación cumprindo as súas propias condicións e as condicións de ordenación da presente ordenanza.

Usos prohibidos: os sinalados no artigo 26 da LSG/2016.

7. Aparcamentos

Disporase un mínimo de 1 praza de aparcamento por cada 150 m² ou fracción de edificabilidade residencial e 1 praza por cada 100 m² edificábeis ou fracción en usos non residenciais.

8. Condicións de protección do patrimonio

Establécense os seguintes criterios de actuación no solo de núcleo rural común:

a. En xeral, os movementos de terra serán os estritamente precisos para acomodar o edificio e ordenar a parcela. Non se permitirán aqueles que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar ou alteren significativamente a súa topografía (artigo 26.1.d da LSG), coas seguintes condicións:

- Prohíbese a modificación da rasante natural nos primeiros 5 m en todos os extremos da parcela, agás nas frontes a viario e nos accesos a plantas soterradas.
- Non se poderá alterar o perfil con socalcos nin contencións de terras con altura superior a 1,5 m, e sempre fóra dos primeiros 5 m sinalados no punto anterior.
- En ningún caso se poderá escavar en caixa no terreo cunha altura superior a unha planta e a correspondente cimentación.

b. Protexeranse as sebes e muros tradicionais, así coma as especies de arboredo autóctono ou ornamental existentes; que poderán ser obxecto de traslado por motivos xustificadas de seguridade viaria. No caso dos muros, o seu desprazamento á nova posición deberá reproducir as características e técnicas da construción orixinal, reutilizando na medida do posible as pezas orixinais.

Os novos peches deberán gardar harmonía cos tradicionais (artigo 26.1.e da LSG), preferentemente sen elementos prefabricados de cemento visto, e en todo caso, con alturas máximas de 1,50 m para elementos opacos ou de fábrica; 2,00 m para partes de malla ou caínzo; e 2,50 m para os elementos vexetais.

c. Nos proxectos de urbanización dos espazos públicos, os materiais utilizados harmonizarán co contorno e co ambiente rural. O mobiliario será discreto, mínimo e unicamente o estritamente necesario, procurando o menor impacto das instalacións urbanas.

9. Condicións estéticas e de harmonización das novas intervencións.

Cara unha axeitada integración das intervencións arquitectónicas, tanto de obra nova coma rehabilitación de construcións existentes, seguirán os criterios determinados pola Guía de boas prácticas para a intervención en núcleos rurais e a Guía de cor e materiais de Galicia, e nos ámbitos de solo de núcleo rural común establécense as seguintes determinacións:

a. Para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona, na intención de harmonizar coa paisaxe rural e cos ámbitos inmediatos do solo de núcleo rural tradicional, segundo o art. 91.c da LSG; agás no caso doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica, sinaladas no artigo 24.7.a) da LSG.

b. En xeral, as canles e baixantes non presentarán molduras nin acanaladuras e serán preferentemente de chapa metálica de cinc, cinc-titanio ou cobre con acabado mate e sección circular.

c. O material de cuberta será de tella. Os paneis ondulados de fibrocemento ficarán sempre ocultos tanto nos faldróns coma nos beirados. Excepcionalmente poderanse utilizar materiais respectuosos e que harmonicen cos tradicionais, lousa de pizarra, cinc ou cobre.

As solucións de cuberta plana terán de harmonizar co conxunto do núcleo rural.

Os remates de chemineas novos harmonizarán cos tipos tradicionais ou históricos existentes.

Os elementos de escurecemento serán executados preferentemente mediante contras de madeira. Preferentemente non se instalarán persianas exteriores.

d. Os voos e recuamentos de volumes serán autorizábeis cando sexan acordes cos propios das tipoloxías existentes no núcleo (coma son as galerías de madeira, patíns e solainas).

e. Na rehabilitación de edificios tradicionais existentes:

- Os beirados estarán de acordo coas solucións tradicionais existentes no núcleo e serán realizados cunha peza recta de xisto, de granito serrado ou mediante elementos voados de estrutura lixeira.

- En ningún caso poderán exceder do plano de fachada elementos estruturais, cornixas, molduras ou elementos decorativos que non resulten xustificadas.

- As mochetas, linteis e carpinterías dos ocios serán realizados cos materiais, cores e configuracións existentes no contorno.

10. Condicións de intervención nos espazos libres

Para acadar a máxima naturalidade nos espazos libres teranse en conta as seguintes medidas e criterios de deseño:

a. Sempre que sexa posible procurárase a eliminación de especies exóticas con carácter invasor e conservárase o arboredo de interese histórico e as especies autóctonas.

b. Nos novos axardinamentos empregárase preferentemente especies autóctonas ou de grande arraigo na paisaxe, evitando as especies invasoras.

c. No caso de pavimentación usáranse pavimentos filtrantes que permitan unha axeitada drenaxe do solo.

d. O mobiliario urbano será acorde coas características da edificación existente procurando a súa integración na paisaxe rural.

11. Actuacións illadas

As actuacións illadas contempladas nos planos para os núcleos de O Amedo (AI-LGO04) e O Vilar (AI-LGO04), serán xestionadas mediante a imposición de contribucións especiais repartidas entre todos os predios incluídos na delimitación do solo de núcleo rural para as conexións xerais de servizos do conxunto do núcleo e

entre os predios afectados polos ámbitos de actuación sinalados nos planos para a urbanización dos terreos de dotación viaria e espazos libres (SLEL).

Dentro dos predios afectados polos ámbitos das actuacións illadas os actos de parcelación e edificación estarán condicionados á previa cesión dos terreos de dotación pública previstos e execución da actuación illada.

Polo equipo redactor:

Teresa Fernández Lorenzo
Arquitecta do SATM

Visto e praxe, o xefe do SATM

Daniel Beiras García-Sabell
Arquitecto do SATM

Xosé Francisco Freire Corzo